

Adaptación ao establecido na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza (DOG 11/02/2022)

Na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza publicada no DOG do 11 de Febreiro de 2022 (en adiante, a “Orde”), actualizouse a normativa relativa á avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Todo o cal, fai necesaria a presente adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Xeografía e Historia.

Adaptacións referentes á ESO

Avaliación final

De acordo coa Orde, o curso organízase en tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

No período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final realizaranse actividades da tipoloxía fixada no artigo 7.8 da Orde (reforzo, ampliación...). Logo de realizada a terceira avaliación, a equipa docente realizará un breve informe para o alumnado con algunha avaliación sen superar que valerá como base para o deseño das correspondentes actividades de avaliación.

A cualificación da avaliación final realizarase do seguinte xeito:

1.- Alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas.

A cualificación da avaliación final será o resultado da media das tres avaliacións parciais, ao que se lle sumará, de ser o caso, a puntuación derivada dunha proba escrita final.

Neste sentido, todo o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas presentarse a unha proba escrita final cos mesmos criterios que as probas escritas de avaliación e cos contidos das mesmas, e no que se aplicará o seguinte baremo:

- O alumnado que neste exame final obteña un resultado inferior a 6, mantén como nota da avaliación final o resultado da media dos tres trimestres superados.
- O alumnado que obteña un resultado entre 6 e 7, sumará un 0,25 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado entre 7 e 8, sumará un 0,5 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado entre 8 e 9, sumará un 0,75 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado superior a 9, sumará 1 punto á súa nota.

No referente ao redondeo da cualificación final, unha vez realizada a media das tres avaliacións e sumado, se procede, o derivado do baremo establecido no parágrafo anterior, será á alza se a parte decimal do número enteiro iguala ou supera as 50 centésimas e á baixa en caso contrario.

2.- Alumnado con dúas ou tres avaliacións parciais suspensas

A cualificación da avaliación final será o resultado dunha proba escrita final ou co ordenador empregando os programas musescore e audacity final con todos os contidos estudados durante o curso e que poderá coincidir coa proba final realizada ao alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas.

No referente ao redondeo da cualificación da avaliación final, a partir de 5 puntos será á alza se a parte decimal do número enteiro iguala ou supera as 50 centésimas, e á baixa en caso contrario. O redondeo de notas inferiores a 5 puntos será á baixa.

3.- Alumnado con unha avaliación parcial suspensa

A cualificación da avaliación final será o resultado da media das dúas avaliacións parciais aprobadas (ponderado como dous terzos da cualificación final) co resultado dunha proba escrita final relativa unicamente aos contidos estudados nesa avaliación parcial (ponderado como un terzo da cualificación final).

No referente ao redondeo da cualificación da avaliación final, a partir de 5 puntos será á alza se a parte decimal do número enteiro iguala ou supera as 50 centésimas, e á baixa en caso contrario. O redondeo de notas inferiores a 5 puntos será á baixa.

4.- Observación para o alumnado coa terceira avaliación parcial suspensa

A proba escrita final regulada nos puntos 2 ou 3 anteriores será a opción de recuperación do alumnado coa terceira avaliación parcial suspensa; ficando deste xeito asimilada á anteriormente denominada proba final de recuperación, tal e como estaba establecido até o momento na Programación Didáctica.